

Le o título da lectura. Que cres que serán esas sombras misteriosas?

Sombras misteriosas

Quen verá esas sombras? Onde? Viches ti algo misterioso? Fala diso.

Os rapaces pasaron a mañá limpando a praia de todos os refugalloos que **golsaba** o mar. Todos ignoraron a Uxío que, só, arrastraba o seu saco pola area. Ao remate regresaron ao campamento e deron conta dunha saborosa comida: un arroz con ameixas que O'Roxo lles trouxera no seu bote e guindara sobre o peirao como agasallo.

Na sobremesa Uxío tentou pedirlle desculpas a Carme, pero ela, anoxada, non lle permitiu nin falar, e coa súa mochila ao lombo, marchou polo sendeiro que levaba ás penedías do extremo norte da illa. El ficou alí chantado vendo como se afastaba.


—Hasmas de pagar! —espetoulle Roi dándolle un empuurrón ao pasar ao seu carón.

Uxío pensou en arrepoñerse pero Catuxa non lle sacaba o ollo de enriba, así que desistiu e foi na procura de Carme.

Ducias de corvos mariños grallaban por enriba das penedías, planando en dirección aos rompentes onde as ondas batían con forza. Os penedos escuros aparecían **salferidos** de extravagantes manchas brancas causadas polas cagadas das gaivotas que brincaban sobre eles. Catuxa explicáralles que o ecosistema de Flamia era único e que tiñan que ter moito coidado onde pisaban, pois había algunhas especies de plantas moi raras e incluso unha das poucas colonias de araos que quedaban no país. Uxío asomou a cabeza

Golsar: expulsar ou botar.

Salferido: salpicado.



polo **cantil** e sentiu vertixe. Botou a andar pola camiño que o bordeaba, pero non había nin rastro dela. Andouno e desandouno ata que por fin a descubriu. Estaba sentada nun saínte cos pés pendurando no aire e fitando o horizonte. Tiña un pequeno caderno e un lapis sobre o seu colo.

—Non pensarás empuurrarme... —chanceouse ela ao velo.

—Non, ho! Síntoo, eu só quería... —comezou a dicir el **amoucado**.

—Está ben, non pasa nada.

—Que fas aquí?

—Este é o meu lugar preferido da illa. Semella que un puidese voar no vento.

Uxío mirou cara a embaixo. As ondas batían arreo nos **cons** e o salseiro asolagábao todo coa súa húmida brétema. Os corvos mariños mergullábanse nas augas como mísiles para logo saír cun tesouro prateado nos seus bicos.


—Que escribes?

—É o meu caderno de bitácora, aquí vou anotando ou debuxando o que me acontece día a día desde que cheguei á illa coma se fose a capitá dun barco.

—E aparezo eu? —preguntou el con fachenda.

—Polo de agora non, síntoo —retrucoulle ela sorrindo.

Uxío, amolado, volveu fitar os cantís e decatouse dun detalle, cara á dereita, entre as penas, abríase unha pequena **abra** que semellaba morta. Sobre ela non pairaba corvo ningún e sobre as rochas negras non se vía nin unha cagada de gaivota. De



Amoucado: entristecido.

Con: rocha que sobresaí do mar.

Cantil: costa rochosa case vertical.

Abra: baía pequena.

súpeto, pareceulle albiscar dúas estrañas sombras, unha grande e unha pequena, que se movían lixeiras baixo as súas augas escuras.

—Viches iso? —preguntoulle sobresaltado a Carme.

—O que?

—Non, nada, sabes que é iso? —dixo sinalando cara ás pedras negras.

—Chámanlle a abra de Osáin.

—Fixácheste en que as aves non se achegan?

—Si, non sei por que será.

—É non se pode baixar?!

—Pero xa estás de novo!

—E simple curiosidade.

—Penso que hai un sendeiro que baixa desde Punta Balea, pero nunca fun. Catuxa advertiunos sobre o perigoso que era.


—Isto máis ca un campamento semella unha cadea.

—É pola nosa seguridade, Uxío. Catuxa confía en nós.

—Levas razón —confesou el de mala gana.

—Regresamos ou que? —preguntoulle ela mentres gardaba o caderno na mochila.

Uxío acaneou a cabeza e botoulle a man para axudala a subir ao sendeiro de novo. Ela tomoulla e el sentiu coma se unha pequena cambra lle percorrese o brazo todo. Uxío fitouna sorprendido, pero semellaba que ela non sentira nada. Unha vez arriba, Carme soltoulle a man e xuntos regresaron ao campamento. No camiño, Uxío non deixaba de matinar nesa abra misteriosa que as aves evitaban e naquelas sombras arrepiantes que semellaban vir das profundidades do mesmo inferno.



MARCOS
CALVEIRO

Le o texto das páxinas 62, 63 e 64 e relaciona a acción co personaxe que a leva a cabo.



Estaba cos pés pendurando no aire. ☒

Albiscou dúas estrañas formas. ☒

☐ Uxío

Arrastraba só o seu saco pola area. ☒

☐ Carme

Coa súa mochila ao ombro, marchou polo sendeiro. ☒

- Cal foi o traballo da mañá no campamento?

- Que observou Uxío nos cantís?

- Por que Uxío andaba só?

- A que parte da illa non se achegan as aves?

- Por que os nenos tiñan que ter coidado onde pisaban?

- Como se pode chegar á abra de Osaín?

Le o texto das páxinas 62, 63 e 64 e observa as ilustracións. Cal non ten relación coa lectura? Por que?



Le o texto das páxinas 62, 63 e 64 e contesta. Que escribía Carme? Que ía anotando? Que anotarías ti?